

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E LENDA EDUCATIVA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, PARA POSIBILITAR O USO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DE ALUMNADO CON DISCAPACIDADE NUN CENTRO EDUCATIVO RADICADO NA PROVINCIA DA CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional formalizou con Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue o curso escolar 2024/2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto posibilitar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades que, en virtude de ditame da Administración educativa autonómica e por esixencias de carácter académico, escolarizáronse en centros privados concertados, a utilización do servizo de comedor escolar e a atención específica e personalizada do mesmo, de acordo coas súas necesidades particulares, ao longo do vindeiro curso escolar 2024/2025 nun centro da súa titularidade, CEEPR Lenda Educativa, na provincia da Coruña

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, en virtude de ditame da Administración educativa autonómica, escolarizáronse en centros privados concertados. Este alumnado, escolarizado por esixencias educativas en centros privados concertados, necesita para asegurar a súa efectiva escolarización,



utilizar o servizo de comedor escolar, precisando para o efecto contar cunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.

Que Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como fin estatutario a educación e as actividades educativas así como a asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade.

Que ambas as dúas partes están interesadas na mutua colaboración de acordo co establecido no artigo 2.1. e) do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, co fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lles permitan ser escolarizados, aínda que sufran calquera tipo de incapacidade, xa sexa permanente ou temporal.

Que a problemática habitual de grandes discapacidades require contar con entidades especializadas e cunha ampla bagaxe de experiencia, que faciliten unha atención persoal e individualizada derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado e do control dos protocolos de actuación que se deben aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o comedor escolar.

Que para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo de comedor escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela

